Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/15/2016	CON10I0ND	
423L4B4S232R461E14YB		

Reunidos na Casa do Concello, o día 6 de xullo de 2016, ás 12:15 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Traballos técnicos para o desenvolvemento de catro programas de carácter sociocomunitario n eido do benestar social da cidadanía" formada por D. José Manuel Blanco Súarez (Alcalde), que actuará como presidente; Dna. María Amparo Santamariña Vazquez (Secretaria Substituta da Corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación); D. Natalia Hermida Rico (concelleira delegada para asuntos de mocidade e lecer) e Dna. Yolanda Martínez García (Xefa do Servizo Sociocomunitario), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actuará como Secretario da Mesa.

Para os efectos do establecido no artigo 11.1 do PCAP e 81 do Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento da Lei de contratos das administracións públicas, o Presidente da Mesa de contratación procedeu a apertura dos sobres "A" Documentación administrativa, presentada polos licitadores, agás a correspondente á empresa La Guagua S.L. que non poido ser admitida ao incumprir o establecido no artigo 80.4 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, que regula a presentación de ofertas nas oficinas de Correos, ao non xustificar a data de imposición.

Unha vez abertos os sobres restantes, estes inclúen a declaración responsable de ter plena capacidade para contratar coa administración, sendo admitidos todos e cada un dos licitadores.

A Mesa de contratación, a solicitude da Presidencia, acorda que o vindeiro venres 8 de xullo de 2016 as 12,15 horas, volverase a reunir a Mesa para a apertura do sobre "B" Documentación Técnica.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando conmigo os membros da mesa.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es